



PROXECTO EXPOSITIVO

Eugenio MONTERO RÍOS: o xurisconsulto e o político na Compostela do seu tempo

Pazo de Fonseca - USC. Setembro - Outubro 2015

Autores: Margarita Barral Martínez (USC) e Pablo Costa Buján (UDC)
REXISTRO DA PROPIEDAD INTELLECTUAL, REXISTRO TERRITORIAL DE GALICIA,
INSCRIPCIÓN Nº: SC-0017-2015

Documento de traballo

Santiago de Compostela. Xaneiro 2015

PROMOTORES: ATENEO COMPOSTELANO, CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COLEXIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO, CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, REAL SOCIEDADE ECONÓMICA DE AMIGOS DO PAIS, UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROYECTO EXPOSITIVO

Eugenio MONTERO RÍOS: o xurisconsulto e o político na Compostela do seu tempo

Pazo de Fonseca - USC. Setembro - Outubro 2015

Autores: Margarita Barral Martínez (USC) e Pablo Costa Buján (UDC)
 REXISTRO DA PROPIEDAD INTELLECTUAL, REXISTRO TERRITORIAL DE GALICIA,
 INSCRIPCIÓN Nº: SC-0017-2015

ÍNDICE:

1.-	Descrición de Eugenio Montero Ríos.	6
2.-	Fundamento básico da exposición.	7
3.-	A concepción do relato expositivo, a súa mobilidade e publicación.	8
4.-	Previsión de materiais a expor.	10
4.1.-	Sección: Eugenio Montero Ríos o xuriconsulto e o político. Obxectos, obras de arte, documentos, textos e libros.	10
4.1.1.-	Pezas inventariadas en Madrid e outras cidades españolas. Pazo do Senado. Ministerio de Asuntos Exteriores. Universidade de Madrid. Fundación Giner de los Ríos. Institución Libre de Enseñanza. Palacio Real de Madrid. Fundació Lluís Carrulla. Fondos propiedade privada.	10

4.1.2.- Materiais inventariados en Santiago (Galicia).	12
Arquivo Histórico Universitario (AHUS).	
Arquivo Histórico Diocesano en Santiago de Compostela.	
Arquivo/Fondo privado Familia Albalat.	
Museo do Pobo Galego.	
Fundación Castelao.	
Patrimonio pictórico localizado en Galicia.	
Patrimonio fotográfico e gráfico esceas familiares.	
Biblioteca, hemeroteca e sala de investigadores da USC.	
Fondos Museo Municipal de Santiago. Museo do Pobo Galego.	
4.2.- Sección: Eugenio Montero Ríos, o seu legado na Compostela do seu tempo. Obras.	17
4.2.1.- Selección de imaxes e planos do Ferro-carril Compostelano.	17
Os personaxes.	
O trazado do Ferro-carril Compostelano.	
Inauguración e uso.	
4.2.2.- Selección de imaxes e planos da Escola Normal no Pazo de San Xerome e bordes.	20
4.2.3.- Selección de imaxes e planos da Escola de Artes e Oficios na Rúa da Cerca-Porta do Camiño.	21
4.2.4.- Selección de imaxes e planos da ampliación e reforma do edificio da Universidade (1893-1906).	21
Referencia á preexistencia.	
Contrastes entre tradición e modernidade.	
Usos na trama urbana dos seus bordes e intentos transformadores.	
4.2.5.- Selección de imaxes e planos da Escola de Veterinaria.	24
A Rúa do Hórreo, referencias á preexistencia.	
Proxecto urbano e edificación.	
Evolución do lugar e usos.	

4.2.6.- Selección de imaxes e planos do Colexio de Xordomudos e Ciegos de San Caetano. A conxunción arquitectónica. Proceso de implantación i evolución	28
4.2.7.- Selección de imaxes e planos da Facultade de Medicina e Hospital Clínico . O Hospital Real e Rúa de San Francisco. A Arquitectura e o lugar.	29
4.2.8.- Selección de imaxes e planos da Exposición Rexional Galega de 1909. Os personaxes. Compoñente Social. Organizacióney posta en escea. A Exposición. As obras. As arquitecturas do ámbito. Contidos. Seccións da Exposición. Ocaso e transformación do lugar.	30
4.2.9.- A Escultura de Montero Ríos.	36
4.2.10.- Transformación de Compostela na etapa de Restauración Borbónica (1874-1923).	37

ANEXOS:

Anexo nº I: Espacio dimensional do ámbito das salas no Pazo de Fonseca.	40
Anexo nº II: Bocetos do Proxecto Expositivo	42
Anexo nº III: Bibliografía	46



EXPOSICIÓN

Eugenio MONTERO RÍOS: o xurisconsulto e o político na Compostela do seu tempo
Pazo de Fonseca - USC. Setembro - Outubro 2015

BORRADOR DO PROXECTO DE EXPOSICIÓN E PUBLICACIÓN
Comisariado: M. Barral Martínez (USC) e P. Costa Buján (UDC)

Documento de traballo
Santiago de Compostela. Xaneiro 2015

PROMOTORES: ATENEO COMPOSTELANO, CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COLEXIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO, CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, REAL SOCIEDADE ECONÓMICA DE AMIGOS DO PAIS, UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



EXPOSICIÓN

Eugenio MONTERO RÍOS: o xurisconsulto e o político na Compostela do seu tempo
Pazo de Fonseca - USC. Setembro - Outubro 2015

BORRADOR DO PROXECTO DE EXPOSICIÓN E PUBLICACIÓN
Comisariado: M. Barral Martínez (USC) e P. Costa Buján (UDC)

1.- DESCRICIÓN DE EUGENIO MONTERO RÍOS

Eugenio Montero Ríos (Santiago de Compostela, 1832- Madrid, 1914) formouse na Universidade de Santiago (Teoloxía e Leis) e destacou como político do dereito na etapa do Sexenio democrático (1868-1873) e foi despois un gran coñecedor dos resortes da política da Restauración, converténdose nun líder liberal con “feudo clientelar” na cidade de Compostela, aquela que o veu nacer.

Durante a etapa do Sexenio democrático, dentro da súa obra lexislativa como ministro de *Gracia y Justicia* destacan a promoción e promulgación de leis e decretos tachados de “revolucionarios” para a época, ao abordar temas de gran transcendencia para a España do momento como a *Ley de Matrimonio Civil*, a *Reforma del Código Penal* e o *Poder Judicial y Enjuiciamiento Civil*. Toda esta codificación e produción lexislativa permitiu ao noso personaxe pasar á historia como un exemplo de político do Dereito.

A isto sumou, durante os anos da Restauración, a súa condición de personaxe do *turnismo pacífico* ao converterse nun dos xefes indiscutibles do chamado sistema *canovista* que tanto deu de si durante a etapa final do liberalismo en España. O desenvolvemento da súa “plataforma política” implantouna sobre todo na súa cidade natal e, por extensión, en Galicia en xeral.

Eugenio Montero logrou todos os cargos aos que podía aspirar calquera dos oligarcas do momento: ministro de *Gracia y Justicia* en varias ocasións (tres delas no Sexenio) e de Fomento, deputado polo distrito de Santiago de Compostela entre 1886 e 1891, senador vitalicio desde 1889, presidente do Senado en cinco ocasións, entre 1893 e 1913, presidente do *Consejo de Instrucción Pública* (1887), do *Tribunal Superior de Justicia* (1888) e da *Comisión del Tratado de París* (1898). Pero ademais, converteuse no xefe do Partido Liberal, tras a morte de Sagasta en 1903, ao lograr a presidencia do Goberno en 1905

2.- FUNDAMENTO BÁSICO DA EXPOSICIÓN

O argumento da exposición *Eugenio MONTERO RÍOS: o xurisconsulto e o político na Compostela do seu tempo* centrarase en significar as partes máis esenciais da súa biografía.

Os obxectivos principais do proxecto serían mostrar, a través de iniciativas pedagóxicas que interesen tanto ao público local e académico compostelán como ao foráneo e peregrino, os feitos máis relevantes desde dous puntos de vista:

- A traxectoria vital, intelectual e política do prócer, un dos máis singulares na historia do país durante a Restauración.
- A transformación urbanística que se desenvolve coa promoción e concesión daquelas construcións civís executadas baixo o “manto protector” de Montero, tal como é o caso, entre outras, da liña de ferrocarril Cornes-Carril, a ampliación e reforma do edificio da Universidade, a Escola de Veterinaria, a Facultade de Medicina e Hospital Clínico, o Colexio de Xordomudos e Cegos, ademais da promoción da Exposición Rexional Galega (1909).

Así, o relato expositivo dos logros de Montero Ríos abarcará distintos e singulares aspectos. A narración iniciarase coa súa condición de santiagués, transcorrerá pola súa cultivada instrución xurista e ampliarase atendendo ao seu protagonismo e liderado político para logo abarcar a metamorfose urbana conformada na cidade compostelá, unicamente posible desde o seu apoio persoal e institucional.

A exhibición de documentos históricos, libros ou escritos, do mesmo xeito que as obras de arte e obxectos que a el fan mención, darán fe da importancia da súa personalidade e dinamismo. Tamén, co obxecto de contextualizar a súa traxectoria histórica incorporaranse outras referencias como imaxes ou películas propias da época que lle tocou vivir.

El será o esbozo da súa actividade poliédrica concentrada en dous campos esenciais e básicos, ademais de ligados entre si:

- O primeiro estaría supeditado a transmitir ou comunicar as súas facetas como xurisconsulto e político.
- O segundo enlazaría a visión que daquela Compostela de entre séculos (XIX-XX) tiña o mesmo Montero, apreciable no mantemento de ancestrais estudos impartidos na Universidade de Santiago ou na súa mesma evolución urbanística, cuxa pretensión foi sempre convertela nunha urbe puxante e culta. El mesmo impulsaría esta transformación a través da promoción pública de grandes construcións civís que farían desenvolverse a cidade cara a un enclave moderno, en definitiva, europeo.

Ambos os campos conflúen na estatua (1905-1916) creada por Mariano Benlliure, hoxe situada na Praza de Mazarelos, lugar lindante á única porta sobrevivente da vella muralla que rodeaba a primixenia cidade.

Sen dúbida, o personaxe en cuestión está á altura do espazo emblemático elixido para a instalación da exposición aquí esbozada: o Salón Artesonado, a Capela e Sancristía do Colexio de Fonseca. A exposición tería lugar durante os meses de setembro e outubro do presente ano 2015.

O plano do lugar mencionado, adxunto ao presente proxecto, evidencia a cuestión conceptual explicada anteriormente. O ámbito espacial fragmentado define os recintos expositivos en relación aos distintos ambientes que se pretenden xerar.

3.- A CONCEPCIÓN DO RELATO EXPOSITIVO, A SÚA MOBILIDADE E PUBLICACIÓN

O seu percorrido será sistemático, retrospectivo, cronolóxico e histórico, regulado e secuencial, onde cada observador ou visitante empezaría e remataría no mesmo punto respecto a súa circulación perimetral dos paramentos das dúas salas nobres establecidas no Colexio de Fonseca. A posta en valor do material a expor, o deseño formal de paneis, soportes ou a súa presentación, iluminación, distribución espacial e montaxe, etc., estará en concordancia cos medios e materiais dispoñibles no momento da súa concreción final.

O prazo previsto para levar a cabo a provisión das pezas a exhibir, permisos de exposición de obxectos ou documentación relacionados, preferiblemente orixinais, seguros, etc., non superaría, en principio, dous meses; é dicir, nun prazo non superior á Semana Santa do presente ano¹.

O deseño da exposición, en referencia ao tratamento do material disposto en paredes, vitrinas sobre pavimento ou singularmente exento, será proporcional a cada aspecto puntual, tema ou parte a tratar, mesmo ao seu formato.

Cada peza exposta, en todo momento, verase acompañada dun rótulo onde constarán os datos básicos de identificación; en casos puntuais poderanse establecer anotacións complementarias sucintas e esquemáticas, co fin de axudar á comprensión do seu significado, alcance ou importancia real.

Dada a importancia do personaxe biografado na mostra para a historia de Galicia e de España en xeral, quedaría aberta a posibilidade de convertela nun proxecto expositivo itinerante

¹ Os prazos establecidos inicialmente neste borrador de proxecto de exposición poderán estar suxeitos a alteracións ou modificacións puntuais por causas ou razóns sobrevidas.

Globalmente a exposición desenvolverá, didacticamente, o relato dos contidos das diferentes áreas expositivas plantexadas, elemento esencial para a transmisión do coñecemento aquí compendiado a toda persoa interesada.

Nos aspectos mencionados é importante advertir que, en relación coa homenaxe cara á figura de Montero Ríos no centenario da súa defunción, os actos coordinados polo Ateneo de Santiago abarcan ofrendas, un ciclo de conferencias (outubro 2014 - maio 2015) e a exposición cuxo borrador aquí se presenta (véxanse ANEXOS I, II e III).

Todo este traballo incitado polo Ateneo en colaboración con outras entidades e institucións públicas e privadas, terá colofón na edición dun libro que compendie toda esta actividade. A súa presentación está prevista á vez que a inauguración da mostra e os seus contidos.

A edición, como non podería ser doutro xeito, recollerá todos os actos relacionados e o mecenado das institucións que os fixeron posible. Reproduciría as disertacións dos investigadores-relatores seleccionados, entre eles os que aquí se relacionan co título de reseña ou conferencia seguintes:

- Ramón Villares en: “Montero Ríos. Un Perfil Biográfico”
- Modesto Barcia en: “Montero Ríos e o dereito”
- Xoan Carmona: “Montero Ríos e a Economía do seu tempo”
- José Antonio Durán: “Montero Ríos no contexto de Galicia”
- Margarita Barral e Pablo Costa: “O Monterismo en Compostela e os seus efectos transformadores”

Polo carácter investigador dos escritos a publicar e a transmisión de coñecemento que persegue a publicación a editar, en relación á figura de Eugenio Montero Ríos e os seus efectos na transformación morfolóxica de Compostela, é de resaltar que estes serán corrixidos por pares.

4.- PREVISIÓN DE MATERIAIS A EXPOR²

4.1.- SECCIÓN: EUGENIO MONTERO RÍOS O XURICUNSLTO E O POLÍTICO. OBXECTOS, OBRAS DE ARTE, DOCUMENTOS, TEXTOS E LIBROS

4.1.1.- PEZAS INVENTARIADAS EN MADRID E OUTRAS CIDADES ESPAÑOLAS

PAZO DO SENADO

Praza da Mariña Española, 8. 28013 MADRID

Teléfono: 34 915 381 000

Web: <http://www.senado.es/>

Obra pictórica (reproduccións dixitais)

Salón de Conferencias do Senado en 1904 (marzo), Asterio MAÑANÓS MARTÍNEZ.



A acta da anterior: Salón de Sesións do Senado en 1906, Asterio MAÑANÓS MARTÍNEZ.



MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES. Archivo

Rúa Salvador, 1 (Praza da Provincia). 28012 MADRID

Tel.: 9813799210

e-mail: crisrina.gonzalez@mae.es

Tratado de París, 1898.

² Destácanse aquelas referencias máis significativas na vida e obra de Eugenio Montero Ríos. De igual xeito, en cada apartado, especificanse outros fondos ou coleccións de similar relevancia e hoxe, polo menos en principio, dispoñíbles.

UNIVERSIDADE DE MADRID. Arquivo
 UCM. Facultade de Dereito Soto 2, 28040 Madrid
 Tel.: 91394 59 04
 e-mail: agucom@ucm.es

Expediente académico de Eugenio Montero Ríos. Cartapacio 245, nº 22.

FUNDACIÓN GINER DE LOS RÍOS
INSTITUCIÓN LIBRE DE ENSEÑANZA. Arquivo
 Paseo do Xeneral Martínez Campos, 14. 28010 MADRID.
 Tel.: 914460197
 e-mail: ile@fundacionginer.org

Acta do nomeamento como Reitor de Eugenio Montero Ríos, curso 1877-1878

E. Montero Ríos, *Le enseñanza religiosa y la enseñanza laica*, Discurso lido na apertura do curso académico de 1877-1878 da ILE (documento localizado nos fondos bibliográficos da USC).

PALACIO REAL DE MADRID. Arquivo
 Rúa Bailén s/n, 28071 MADRID
 Tel.: 34 91 454 87 35 / 34 91 454 87 00 extensión 57591
 e-mail: archivo.palacio@patrimonionacional.es

Expediente de Eugenio Montero Ríos. Persoal. Caixa 700. Exp. 11.

REINADOS. AMADEO I. Texto da Abdicación de Amadeo I (escrito/corregido por Eugenio Montero Ríos).

Al Congreso: Grande fue la honra que merecí de la Nación española eligiéndome para ocupar su trono, honra tanto más por mi apreciada, cuanto que se me ofrecía rodeada de las dificultades y peligros que lleva consigo la empresa de gobernar un país tan hondamente perturbado. (...).

Estas son, Sres. Deputados, las razones que me mueven a devolver a la nación, y en su nombre a vosotros, la Corona que me ofreció el voto nacional haciendo de ella renuncia por mí, por mis hijos y sucesores.

Estad seguros de que al desprenderme de la Corona no me desprendo del amor a esta España, tan noble como desgraciada, y de que no llevo otro pesar que el de no haberme sido posible procurarle todo el bien que mi leal corazón para ella apetecía (fragmento).

Amadeo. Palacio Real de Madrid, 11.02.1873.


FUNDACIÓ LLUIS CARRULLA

Aribau 185, 08021 BARCELONA

Tel: 932 090 948 // 932 005 347

e-mail: info@fundaciocarulla.cat

Cartel “Caminos de Hierro del Norte” 1900, A. Ponchín
(Copia Dixital).



FONDOS DE PROPIEDAD PRIVADA

Descendientes de M^a Vitoria Montero-Ríos e Villegas e Manuel García Prieto:

Manuel SÁINZ DE VICUÑA y GARCÍA PRIETO, fallecido a los 97 años de edad (1914), tiene cinco herederos. Dos de ellos, Ignacio y Joaquín Saínz de Vicuña y García Prieto, continúan en el despacho de arquitectura de su padre. Tel. despacho: 91 4353433. Móviles: Ignacio: 627469246; Joaquín: 600467234.

Posúen unha réplica en miniatura da Estatua de Eugenio Montero Ríos, en bronce e cunhas dimensións de 86 cm. de altura (véxase apartado 4.2.9).

4.1.2.- MATERIAIS INVENTARIADOS EN SANTIAGO (GALICIA) ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO (AHUS).

Expediente académico de Eugenio Montero Ríos. Legaxo 881.

Monumento a Montero Ríos. Anos de 1914, 1915, e 1916. Antecedentes.
Nº 14: Acordo municipal, 07.12.1914; Escritura notarial: 19.07.1915.

Monumento a Montero Ríos. 1913-1922

Carta de Avelina Montero Villegas, viúva de Montero Ríos, ao alcalde de Santiago, solicitándolle paralicen o proxecto do monumento, á vista da polémica aberta con motivo da localización do mesmo. Data: Lourizán, 31.10.1915.

... Pero ya no puedo más, Sr Alcalde, y como creo tener para ello algún derecho –y si no lo tuviera, la hidalguía y el respeto a los deseos de una señora y de una viuda no me los negarían.- acudo al Ayuntamiento de su digna Presidencia rogándole con el mayor encarecimiento, así en mi nombre como en el de mis hijos todos, que se sirva dejar sin efecto el acuerdo de levantar un monumento a la memoria de D Eugenio Montero Río (fragmento).

Carta da Real Academia de Belas Artes de San Fernando a Luís Branco Rivero, 05.03.1915.

... que en nada puede temerse que entorpezca las perspectivas verdaderamente notables que la plaza de Alfonso XII de Santiago presenta por todos sus frentes, antes bien es seguro que ha de contribuir a dar a aquellas su verdadero valor, (...) no siendo posible tampoco que el trazado de este monumento pueda ocultar ni desfigurar las bellezas de los edificios notabilísimos que cierran aquel aspecto (fragmento).

Fotografías do esbozo en barro da estatua de Montero Ríos. Mariano Benlliure (véxase apartado 4.2.9).

Lista de subscriptores que axudaron a financiar o monumento.

Monumento a Montero Ríos. 1914-1916

Fotografías do funeral de Montero Ríos no Convento de San Francisco (véxase apartado 4.2.9).

1. Interior da Igrexa de San Francisco durante a celebración do oficio fúnebre.
2. A Corporación municipal e as Comisións á saída do templo de San Francisco.

ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente académico dos primeiros anos de formación de Montero Ríos

ARQUIVO/FONDO PRIVADO. Familia Albalat

Cartel oficial da EXPOSICIÓN REXIONAL GALEGA, 1909, J. M^a. Fenollera (ver apartado 4.2.8)

MUSEO DO POBO GALEGO

Programa de Festas do Ano Santo de 1909, Santiago de Compostela. Máximo, Ramos. Col. Antón Fraguas (ver apartado 4.2.8)

Coleccións e fondos de diversas postais antigas da Cidade de Santiago de Compostela (Exposición 1909), Entre eles a Col. Branco Cicerón (ver apartado 4.2.8).

FUNDACIÓN CASTELAO

Caricaturas de Montero Ríos. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Buenos Aires, 1950)

Fonte: *150 Debuxos de Castelao*, Caixa de Aforros de Santiago de Compostela, 1976 (1^o edición, serie numerada) (véxase apartado 4.2.9).

FONDO “A Nosa Terra”

Portada, 30.09.1917 (caricatura da estatua de Montero Ríos no Obradoiro) (véxase apartado 4.2.9).

FONDO JAVIER ESCRIGAS

Caricatura de Montero Ríos, de Sileno.



PATRIMONIO PICTÓRICO LOCALIZADO EN GALICIA

Retrato de Montero Ríos, 1886. José María FENOLLERA (Valencia, 1851 Santiago de Compostela, 1918). Óleo sobre lenzo. RSEAP, Santiago.



Retrato de Montero Ríos, 1897, Salvador MARTÍNEZ CUBELLS (Valencia, 1845 - Madrid, 1914). Pazo de Raxoi Concello de Santiago.



Vitor de Montero Ríos, colocada na súa visita ao Edificio da Universidade, 30.09.1913, actual Facultade de Xeografía e Historia, situado no primeiro piso (claustro). USC.



Escena familiar no xardín do Pazo de Lourizán, Asterio MAÑANÓS
(Palencia, 1861 - ?, h. 1935).
Museo de Pontevedra.



PATRIMONIO FOTOGRÁFICO e GRÁFICO

Fotografía dunha escena familiar, galería do Pazo de Lourizán.
Museo de Pontevedra.



Fotografía de Eugenio Montero Ríos e Avelina Villegas publicadas á con motivo da celebración das Vodas de Ouro do matrimonio en Lourizán, 1912.
Museo de Pontevedra. Fondo Pintos.



BIBLIOTECA, HEMEROTECA e SALA DE INVESTIGADORES DA USC

Café con Gotas, Semanario cómico, satírico, ilustrado, etc. 12.02.1888.



Relación bibliográfica de Montero Ríos e sobre Montero Ríos depositada nos fondos da USC
(véxase ANEXO III).

MUSEO DE POBO GALEGO. FONDOS DO MUSEO MUNICIPAL.

Placa dedicada a Eugenio Montero Ríos.
Necesita restauración.



Fotografía coloreada e enmarcada de María Cristina de Habsburgo-Lorena.

Necesita restauración.



Cadeira de brazos de Rexedores do século XIX.

Necesita limpeza e algún pequeno retoque.



Bastón de mando do Alcalde de Santiago de finais século XIX.

Executado en madeira, metal e prata.

Necesita limpeza.



Antiga placa da Rúa de Montero Ríos.

Depositada no Consorcio da Cidade de Santiago.

Bombo co que se realizaba o sorteo de recrutamentos. En metal.

Necesita limpeza.



Fotografía do Rei Alfonso XIII polas rúas de Santiago.




4.2.- SECCIÓN: EUGENIO MONTERO RÍOS, O SEU LEGADO NA COMPOSTELA DO SEU TEMPO. OBRAS.

4.2.1.- SELECCIÓN DE IMAXES E PLANOS DO FERRO-CARRIL COMPOSTELÁN INFANTA DONA ISABEL. LINEA CORNES-CARRIL³

OS PERSONAXES


Fotografía do xeógrafo Domingo Fontán. Autor da Carta Xeométrica de Galicia e Presidente da Real Sociedade Económica de Amigos do País, RSEAP.



Fotografía da Infanta Isabel II, 1866. O Real Decreto de constitución da Real Sociedade do Ferrocarril dá nome á primeira liña galega con tal ilustre personaxe.
Fondos Asociación Compostelá de Amigos do Ferrocarril, ACAF



Fotografía de Thomas Rumball. Enxeñeiro londiniense, membro da RSEAP e autor do primeiro trazado Cornes-Carril a partir dos traballos de Domingo Fontán.
ACAF.




³ En colaboración coa Real Sociedad Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, RSEAP, e a Asociación Compostelana Amigos del Ferrocarril, ACAF. Fondo Pablo Costa Buján, PCB.


Fotografía de John Stephenson Mould. Construtor inglés, emprendedor e accionista maioritario do Ferro-Carril Compostelán, chegando a conseguir numerosos préstamos en Inglaterra para rematar as obras.
ACAF.



Fotografía de Ramón de Valle Inclán, e Bermúdez. Pai do insigne escritor e persoa próxima a Montero Ríos. Vinculado ao movemento *Rexionalista*. Gran investidor na liña férrea polo ideal de “incorporar a Galicia na civilización ferroviaria”.
ACAF.




Fotografía de John Trulock. Xerente da Compañía, desde 1880, xa co nome de *The West Galicia Railway Company Limited*, autor de grandes melloras, consolidación e continuación da liña a Pontevedra. Avó do Premio Nobel Camilo José Cela.
ACAF.



O TRAZADO DO FERRO-CARRIL COMPOSTELÁN

Plano do trazado da vía férrea proxectada por Thomas Rumball. 1860.

Orixinal no Museo de Pontevedra, MP. Pontevedra cidade.




Plano do Ferro-carril Compostelán da Infanta Dona Isabel de Santiago a Carril. Plano comparativo dos tres estudos.

Orixinal nas dependencias do Instituto Pai Sarmiento, IPS. Santiago de Compostela.



Plano da **Ponte sobre o río Sar proxectado por Thomas Rumball. 1860.**
ACAF.



Copia dun **Título dunha acción ao portador do Ferro-carril Compostelán da Infanta Dona Isabel.**
ACAF.



Fotografía de **Locomotora e traballadores na boca norte do túnel do “Faramello” no momento da súa construción. c. 1870.** Autor descoñecido.

ACAF



INAUGURACIÓN E USO

Copia da **ilustración elaborada por Guisasaola da estación de Cornes o día de inauguración da liña.**

15 setembro 1873.

A Ilustración Española e Americana, ano XVII, nº XXXVII, 1 outubro 1873.



Copia de **Panfleto propagandístico, lanzado desde un globo aerostático informando o acto de inauguración.**

ACAF.



Fotografía do **Vagón posto en servizo con ocasión da visita do monarca Alfonso XII en xuño de 1877, desde Carril a Cornes.** Autor descoñecido

ACAF.



Antiga estación de Cornes fotografada por Chicharro da antiga estación de Cornes. 1909.

Fondo Chicharro.



A mítica locomotora SAR, coñecida popularmente por “Sarita” na estación de Cornes, segundo Fotografía de Chicharro. 1909.

Fondo Chicharro.



4.2.2.- SELECCIÓN DE IMAXES E PLANOS A ESCOLA NORMAL NO PAZO DE SAN XEROME E BORDES

Reproducción do Plano do edificio destinado a Escola Normal Superior de Mestres, no antigo Pazo de San Xerome Último terzo s. XIX.

Arquivo Histórico Universidade de Santiago. AHUS. Fondo Universitario, planos, nº 97-2.



Praza do Obradoiro en 1866, fotografada por C. Thurston Thompon, coa Catedral de Santiago e, á dereita, a antiga Escola Normal no Pazo de San Xerome.

PCB.




Edificio da Escola Normal e Rúa de Raxoi, segundo fotografía de C. Thurston Thompon en 1866.

PCB.



Porta principal da Escola Normal, Pazo de San Xerome, fotografada por C. Thurston Thompon en 1866.

PCB.



Fotografía de nenos na porta principal do Pazo de San Xerome, c.1900.

Autor descoñecido.


PCB.



4.2.3.- SELECCIÓN DE IMAXES E PLANOS DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS EN RÚA DA CERCA-PORTA DO CAMIÑO

Reprodución do **Plano de Verxel, 1741**, do lugar hoxe ocupado pola **Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo** e antigamente destinado a **cuartel de cabalaría**.

AGS. Arquivo Xeral de Simancas. Mapas, planos e debuxos, XLVII-15.



Fotografía da Rúa Virxe da Cerca, c.1915. Autor descoñecido. Abarca desde Picho da Cerca ata Porta do Camiño. Destaca a rampla proxectada por Prado e Valo en 1871, para acceso á Praza de Abastos, e as fronteas edificadas de Santo Agostiño e do antigo cuartel de tropas, xunto a restos da muralla da cidade.

EAOMM. Fondo Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo.



Fonte de Porta do Camiño, fotografada por Pelayo Mais en 1919.

Apréciase o caserío adherido a un pequeno lenzo, torreón, da antiga muralla da cidade e, ao fondo, o volume emerxente edificado da Escola de Artes.

PCB.




4.2.4.- SELECCIÓN DE IMAXES E PLANOS DA AMPLIACIÓN E REFORMA DO EDIFICIO DA UNIVERSIDADE (1893-1906)

REFERENCIA Á PREXISTENCIA


Reprodución do **Plano de planta baixa do antigo edificio da Universidade proxectado por Miguel Ferro Caaveiro en 1783**.

AHUS. Fondo universitario. Universidade de Santiago. Plano 12. Miguel Ferro Caaveiro, 1783.




Reprodución do **Plano de planta alta do antigo edificio da Universidade proxectado por Miguel Ferro Caaveiro en 1783**.


AHUS. Fondo universitario. Universidade de Santiago. Plano 13. Miguel Ferro Caaveiro, 1783.



Reproducción do **Plano da planta da escalinata principal do antigo edificio da Universidade proxectada por Manuel de Prado y Vallo en 1844.**
AHUS. Fondo universitario. Universidade de Santiago. Plano 37. Miguel Ferro Caaveiro, 1783.



Reproducción do **Plano do alzado da escalinata principal do antigo edificio da Universidade proxectada por Manuel de Prado y Vallo en 1844.**
AHUS. Fondo universitario. Universidade de Santiago. Plano 38. Miguel Ferro Caaveiro, 1783.



CONTRASTES ENTRE TRADICIÓN E MODERNIDADE

Reproducción do **Plano de fachadas do antigo edificio da Universidade proxectado por Miguel Ferro Caaveiro en 1783.**
Fondo universitario. Universidade de Santiago. Plano 18. Miguel Ferro Caaveiro, 1783. AHUS.



Reproducción do **Plano de ampliación da fachada principal do antigo edificio da Universidade proxectado, segundo proxecto de reforma de Ricardo Velázquez Bosco. 1889.**
Fondo universitario. Universidade de Santiago. Plano 45. AHUS.



Imaxe da fachada principal da antiga edificación da Universidade, segundo fotografía de Chicharro, c. 1884. Nela pode apreciarse o grupo escultórico de Minerva do escultor José Ferreiro e hoxe sitos na Facultade de Ciencias no campus Sur.
PCB.



Imaxe da portada e escalinatas de acceso á antiga edificación da Universidade, c. 1884, antes da ampliación-reforma incitada por Montero, segundo fotografía de Chicharro. Nela pode apreciarse o grupo escultórico de Minerva do escultor José Ferreiro e hoxe sitos na Facultade de Ciencias no campus Sur.
PCB



Imaxe da portada e escalinatas de acceso á antiga edificación da Universidade, c. 1910, segundo unha postal de época. Obsérvese o cambio de pináculos da escalinata e escena urbana en relación ao comercio da Praza de Abastos.
PCB.



USOS NA TRAMA URBANA DOS SEUS BORDES E INTENTOS TRANSFORMADORES

Plano de referencias a zonas proxectuais no período entre séculos (XIX-XX). Sinalización das intervencións pretendidas arredor ao edificio da Universidade e realizada sobre plano tipolóxico do centro histórico.
PCB.



Reprodución do **Proxecto de aliñación de 1884, realizado por Manuel Otero y López.** A pretensión de dotar mellores accesos á Praza de Mazarelos, desde a estrada Coruña-Pontevedra ao seu paso pola fronte do convento das Mercedarias, supuña a total derriba do caserío e Porta de Mazarelos. Non executado.
AHUS. Fondo municipal, AM. 2.023, exp. 5, f. 19r.



Reprodución do **Plano de novas aliñacións na Rúa Travesa da Universidade, 1891, realizado por Daniel García Vaamonde.** Obsérvese que a localización da actual estatua de Alfonso X correspóndese co caserío demolido na zona. Executado parcialmente.
AHUS. AM. 2.023, exp. 16, f. 21r.



Reprodución da **Proposta do arquitecto Jesús Álvarez Reyero, 1903, para as Rúas da Caldeirería, Altamira, Castro e Prazas da Universidade e Fontesecca.** Tal proxecto pretendía unificar tres mazás de casas e mellorar a accesibilidade na zona. Non executado.
AHUS. AM. Aliñacións, caixa AM. 2025, exp. 2, f. 26.



Reprodución de **Nova proposta de Jesús Álvarez Reyero, 1903, para as Rúas dá Caldeirería, Altamira e Castro.** O proxecto supuña derrubar as mazás de casas entre as Rúas do Castro e de Caldeirería, ampliando as demolicións na última das citadas en toda a fronte da edificación da Universidade, formalizando unha ampla praza ao longo da súa fachada principal.
AHUS. AQM. Aliñacións, caixa AM. 2025, exp. 2, f. 39.



Aspecto da Rúa do Preguntoiro a comezos do s. XX, c. 1915, segundo postal de época.
PCB.



Grupo de persoas na escalinata do edificio da Universidade, segundo Pedro Ferrer, 1905.
PCB.



Manifestación de Estudantes na Praza da Universidade, 1919, segundo fotografía de Ernesto Guerra.
PCB.



Porta de Mazarelos en. 1910, segundo fotografía de Pelayo Mas. Un dos poucos testemuños do antigo recinto murado da cidade e vestixio da solidez do seu ancestral pasado.
PCB.



A Praza de Mazarelos, c. 1920, segundo fotografía de Ksado. Destaca a fonte antigamente existente no lugar hoxe ocupado pola estatua de Eugenio Montero Ríos.
PCB.



4.2.5.- SELECCIÓN DE IMAXES E PLANOS DA ESCOLA DE VETERINARIA (1903-1915)

A RÚA DO HÓRREO. REFERENCIA Á PRE-EXISTENCIA

Aspecto da Corredoira de Hórreo en 1900, segundo fotografía do cesurán Otero Acevedo. Naquel tempo a Rúa do Hórreo correspondíase coa Estrada Santiago-Ourense. Obsérvese o grao urbanizador da zona e a tipoloxía da súa caserío.
Colección Beiró Buxán.



Encontro da Rúa do Hórreo co lugar de Entrecarretas, actual Praza de Galicia, en 1900. Fotografía de Otero Acevedo. A zona constituía o lugar de encontro das vías que comunicaban a cidade co territorio galego. Colección Beiró Buxán.



Imaxe de Porta da Mámoa no seu encontro coa Rúa do Hórreo, c.1910. Punto de comunicación esencial da cidade e punto singular de transporte, hospedaxe e restauración da cidade da época. Autor descoñecido. Colección Xosé Luís Cabo Villaverde. cXLC.



Casa da Inquisición a finais do século XIX. Edificio barroco, construído en 1729 e derrubado en 1913, proxectado por Fernando Casas e Novoa para albergar ao Tribunal da Fe no Agro de Nuno, formando esquina entre as Rúas do Hórreo e de José Antonio. Colección Xosé Luís Cabo Villaverde. cXLC.




Casa da Inquisición, c. 1910. Naquela época acollía nas súas dependencias usos que en nada se asemellaban aos do Santo Oficio, entre eles: locais sindicais, unha imprenta ou diversos espazos educativos. Colección Xosé Luís Cabo Villaverde. cXLC.



Representación do Plano da Rúa do Hórreo en 1863, levantado por Manuel de Prado y Vallo. Redebuxado por Pablo Costa e en que se indican cromaticamente o estado do caserío e as distintas propostas de aliñación en tons azul e vermello. AHUS. Aliñacións, caixa AM. 2.022, exp.1, f. 4r.



Representación do Plano da Rúa do Hórreo en 1872, co novo trazado de aliñacións proposto por Manuel de Prado y Vallo. Redebuxado por Pablo Costa e en que se resalta a aliñación definitiva da rúa, en vermello. AHUS. Aliñacións, caixa AM. 2.022, exp.12, f. 20r.



Proposta tipolóxica de alzado á Rúa do Hórreo, c.1873, do arquitecto Manuel de Prado y Vallo. A idea aséntase en dignificar o eixo Porta da Mámoa-Nova estación de Ferrocarril en Pontepedriña, a través dunha modulación adecuada ao ancho de parcelas da súa fronte. Resalta o debuxo de soportais en planta baixa en continuidade aos existentes na vella cidade. AHUS. Sen catalogar.



Plan de escalonamento dos solares a edificar en Rúa do Hórreo, c. 1873, do mestre de obras Manuel Pereiro e Caeiro. Similar ao anterior e coa particularidade dunha mellor adaptación das rasantes á estrada cara a Ourense. AHUS. Sen catalogar.




PROXECTO URBANO E EDIFICACIÓN

Plano restituído dos terreos a ocupar pola Escola, levantado por José Barreiro. O lugar elixido pola comisión presidida por Cleto Troncoso, monterista, pertencía, en parte, ao Marqués de Casa Pardiñas. En 1894 a corporación municipal tramita a súa cesión á Dirección Xeral de Instrución Pública, aínda que adquiridos en 1903. PCB.



Esbozo de terreo e emprazamento da Escola de Veterinaria, segundo proxecto do arquitecto Antonio Bermejo e Arteaga en 1902. O ámbito da parcela, que abarcaba desde a Rúa do Hórreo ata as praderías de Brañas do Sar, tamén acollía unha pequena estación pecuaria e unha granxa agrícola de experimentación. AHUS. AM. 1.408, 121. Escola de Veterinaria.



Composición do Alzado Principal e Planta da Antiga Escola de Veterinaria. Estas instalacións docentes proxectadas “ad hoc” por Bermejo e Arteaga, en colaboración con Arturo Calvo, alcanzaron notoriedade pola súa amplitude, como émula da francesa *École D'Anatomie Alfort*. PCB.



Rúa do Hórreo e Escola de veterinaria, c.1913, segundo fotografía de Chicharro. Aspecto que presentaba a edificación, cerramento á rúa e estado das infraestruturas viarias ou de iluminación na rúa. PCB.



Rúa do Hórreo e Escola de veterinaria, c.1920, segundo postal de época. Obsérvase como ao largo dunha década a evolución da rúa foi inexistente. PCB.



EVOLUCIÓN DO LUGAR E USOS


Aspecto que presentaba o Quiqui Bar, posteriormente coñecido por Edificio do Castromil, c.1926, segundo fotografía de Chicharro. Proxectado por Rafael González Villar, en 1922, na confluencia das Rúas do Hórreo e Senra; icono do aldraxe reconversor sufrido pola arquitectura de Compostela e os seus efectos nocivos.

Colección Xosé Luís Cabo Villaverde. cXCV.




Plano do conxunto en 1925, transformado para acuartelar tropas de infantaría e cabalaría, levantado polo Corpo de Enxeñeiros da Comandancia da Coruña. A metamorfose da parcela evidénciase nos numerosos pavillóns dispostos contorna ao seu eixo, do mesmo xeito que o picadero cuberto situado na súa zona máis baixa.

Comandancia de Obras. Capitanía Xeral da Coruña.




Composición de **Planos de fachadas e plantas de accesos e alta en 1925 e transformacións efectuadas.** Obras executadas ao obxecto de adecuar a edificación para o acuartelamento de tropas de cabalaría.

Comandancia de Obras. Capitanía Xeral da Coruña.



Crecente Maseda, Gonzalo e Fernández Fortes, Francisco Xavier en Concurso de anteprojectos para adaptación do cuartel do *Hórreo para Sede do Parlamento de Galicia*. 1987.



Recrutas do 8º de Artillaría diante da antiga Escola de Veterinaria en 1928.


Viga Gallega, 373, 10 abril 1928.




4.2.6.- SELECCIÓN DE IMAXES E PLANOS DO COLEXIO DE XORDO-MUDOS E CEGOS DE SAN CAETANO (1910-1925)

A CONXUNCIÓN ARQUITECTÓNICA


Planta Xeral. Edificación proxectada en 1905 por Ricardo Velázquez Bosco. A planimetría da actuación mostra algunha das súas singularidades, entre elas a súa ampla extensión horizontal e a súa organización respecto eixos concretos, articulando equipamentos diferenciais nos seus intersticios.
AHUS. AM. 1.500, f. 7. Colexio de Xordomudos.




Fachada Principal do corpo central do Proxecto. Destacan os compoñentes eclécticos dos seus vans, ornamentos utilizados, as características dos seus ocos ou simetrías.
AHUS. AM. Planos, nº 68. Colexio de Xordomudos.



Reproducción da Planta Baixa do Edificio Principal. Tratamento gráfico sobre copia documental do expediente de Ricardo Velázquez Bosco.
PCB. AHUS. AM. Planos. Colexio de Xordomudos.



Reproducción da Planta Baixa do Pavillón de Cegos. Tratamento gráfico sobre copia documental do expediente de Ricardo Velázquez Bosco.
PCB. AHUS. AM. Planos. Colexio de Xordomudos.



PROCESO DE IMPLANTACIÓN E EVOLUCIÓN

Aspecto da construción da fachada posterior do Colexio, c. 1920. Fotografía, autor descoñecido, realizada desde a chaira de xogos orientada a nacente.
Colección Xosé Luís Cabo Villaverde. cXLCV.



Comitiva ao seu paso pola Rúa dos Basquiños en 1922. Mostra a tipoloxía de frontes das súas edificacións e, ao fondo, a emblemática construción do Colexio.
PCB.



Imaxe global dos distintos corpos que integraba o Colexio, c. 1925. Autor descoñecido. A toma realizada desde o Monte da Almáciga informa o carácter illado do conxunto arquitectónico en relación ao abanico que abarca a paisaxe dos seus bordos Norte a Sur.
Colección Xosé Luís Cabo Villaverde. cXLCV.



Fotografía aérea do Barrio de San Caetano. c. 1967. A obra do Colexio, ben polo seu carácter illado, o seu uso primixenio ou posterior acuartelamento de tropas, non conseguiu accións transformadoras complementarias. Tal feito demostrou o caserío ou industria fabril conformado contorna á Estrada da Coruña, aínda existente a mediados do pasado século.

Paisaxes Españolas. Madrid.



4.2.7.- SELECCIÓN DE IMAXES E PLANOS DA FACULTADE DE MEDICINA E HOSPITAL CLÍNICO (1910-1928)

O HOSPITAL REAL E RÚA DE SAN FRANCISCO

Ambiente da Praza do Hospital, en 1866, recollido na fotografía de C. Thurston Thompon.

A magnitude da praza e a orientación Sur da lonxa do Hospital Real eran lugar adecuado para transaccións comerciais e lugar de espera dos familiares de enfermos.

PCB.



Casas na Rúa de San Francisco, 1910, demolidas para construír a Facultade de Medicina e Hospital Clínico. Para implantar o equipamento sanitario e docente, foi preciso expropiar o caserío existente e que estreitaba a antiga Rúa de Val de Deus.

Eco de Santiago, número especial. 1910.



Plano da antiga horta do Hospital Real, 1909. A planimetría recolle a traza das edificacións existentes e o ámbito da parcela, en negro; tamén a nova aliñación da construción proxectada e a ampliación do seu peche ao longo da Rúa Costa de San Francisco.

AHUS. Edificio Facultade de Medicina e hospital clínico, 1909-1913.



Conformación do sector noroeste da cidade en 1907. Sobre a súa traza superponse o asentamento da edificación proxectada por Fernando Arbós e Tremanti.

PCB.



